



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### A Formación Profesional

Materia	A Formación Profesional			
Código	V02M066V08225			
Titulación	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Formación Profesional. Formación e Orientación Laboral			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	8	OB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Dpto. Externo			
Coordinador/a	Meruéndano Cardeñosa, Miguel Angel Fernández Riveiro, Miguel Anxo			
Profesorado	Fernández Riveiro, Miguel Anxo Meruéndano Cardeñosa, Miguel Angel			
Correo-e	mmeruendano@edu.xunta.es riveiro@edu.xunta.es			
Web				
Descrición xeral	A materia [Formación Profesional] facilita a adquisición dos coñecementos suficientes sobre o sistema de Formación Profesional vixente en España, que abrangue tanto a FP regrada como a FP para o Emprego. Garantírase pois o estudo das diferentes modalidades en que se organiza a FP Regrada, tendo en conta a normativa e o desenvolvemento curricular galego así como a análise das especialidades de profesorado da FP. Por último, analizaranse os distintos programas educativos europeos que posibilitan o intercambio de experiencias entre docentes e estudantes nun contexto internacional.			

## Competencias

Código	
B4	Buscar, obter, procesar e comunicar información (oral, impresa, audiovisual, dixital ou multimedia), transformala en coñecemento e aplicala aos procesos de ensino e aprendizaxe nas materias propias da especialización cursada.
B13	Coñecer a normativa e organización institucional do sistema educativo e modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros de ensino
B14	Coñecer e analizar as características históricas da profesión docente, a súa situación actual, perspectivas e interrelación coa realidade social de cada época.
B16	Traballar en equipo con outros profesionais da educación, enriquecendo a súa formación.
B18	Aplicar os coñecementos adquiridos e a capacidade de resolución de problemas a contornas educativas novas ou pouco coñecidas.
C4	Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes.
C8	Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá.
D1	Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xenerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet.

D2 Xestionar de forma óptima o tempo de traballo e organizar os recursos dispoñibles, establecendo prioridades, camiños alternativos e identificando erros lóxicos na toma de decisións.

D3 Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinarias

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Establece a relación existente entre demanda do contorno produtivo, cualificacións profesionais e oferta formativa de FP.	B4 B13
Analiza o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais e coñecer a estrutura das cualificacións.	D1
Coñece a estrutura da Formación Profesional no Sistema Educativo e a súa homologación co resto dos subsistemas de FP.	B13
Identifica os distintos niveis de concreción curricular dende o DBT ao currículo adaptado ao grupo clase.	B13 C4 C8 D1 D2
Coñece a estrutura curricular dos ciclos de FP no sistema educativo, atendendo as diferenzas na súa regulación polas leis educativas (LOGSE, LOE e LOMCE).	B13 B14
Distingue a oferta de FP Regrada: réxime ordinario, de adultos (oferta modular) e a distancia.	B13 B14
Analiza os proxectos experimentais na FP Dual en Galicia.	B4 B13 B16 D1 D2 D3
Valora o plurilingüismo vixente no sistema educativo galego e determinar as características básicas das seccións bilingües en FP.	B4 B13 D1 D2 D3
Comprende o proceso de acreditación de competencias.	B4 B13 B16 B18 C4 D1 D2
Identifica as características básicas dos programas europeos destinados ao alumnado e profesorado da FP, Leonardo e Erasmus, e adquirir as destrezas necesarias para poder formalizar solicitudes a estes programas.	B4 B13 B18 D1 D2 D3

## Contidos

### Tema

1. A FP EN ESPAÑA:	1.1. Cualificacións: INCUAL, catálogo nacional de cualificacións, marco europeo 1.2. Subsistemas da FP: [regrada] e [para o emprego]. 1.3. FP e experiencia profesional: acreditación de competencias. 1.4. Inserción Laboral como profesor de FP Regrada: especialidades de profesorado 1.5. Análise da lexislación vixente: LOGSE vs LOE /LOMCE e desenvolvemento curricular galego
2. A FP NO SISTEMA EDUCATIVO (REGRADA):	2.1. FP de Base e FP Específica. 2.2. Ciclos formativos de grao medio e superior. 2.3. Formación Profesional Básica. 2.4. FP Dual. 2.5. FP de Adultos: presencial e a Distancia. 2.6. Plurilingüismo: linguas vehiculares e sección bilingües
3. FP EN EUROPA	3.1. Erasmus + 3.2. Mobilidades de estudantes para prácticas: FCTs e Titulados/as 3.3. Mobilidades de persoal 3.4. Asociacións Estratéxicas

<b>Planificación</b>			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Sesión maxistral	10	0	10
Traballos tutelados	5	0	5
Traballos de aula	12	90	102
Presentacións/exposicións	12	50	62
Probas de tipo test	0	20	20

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

<b>Metodoloxía docente</b>	
	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación da materia e avaliación inicial.
Sesión maxistral	Explicación por parte dos profesores da materia utilizando as presentacións cós alumnos terán a súa disposición na plataforma de e-learning faitic. A materia conta con dous profesores que atenderán as dúbidas e consultas dos alumnos dinamizando as clases presenciais e atendendo o traballo autónomo do alumno. Garántese que as titorías sexan tanto presenciais como a través de do foro de faitic e o correo electrónico.
Traballos tutelados	Proporanse actividades para que o alumno teña que intervir de forma oral na clase e deseñaremos actividades para fomentar o traballo en equipo.
Traballos de aula	A base da nosa metodoloxía é o fomento da aprendizaxe autónoma do alumno, coa orientación dos profesores. A aprendizaxe autónoma do alumno estará apoiada pola plataformas de e-learning faitic, nas que o alumno disporá de diferentes materiais elaborados para a materia.
Presentacións/exposicións	A exposición oral dos traballos, facendo uso das TIC´s.

<b>Atención personalizada</b>	
Metodoloxías	Descrición
Traballos de aula	A atención ao alumnado garantirase por unha dobre vía: o apoio presencial na aula e as titorías on line, empregando a plataforma moodle de e-learning FAITIC da universidade e os correos electrónicos dos profesores da materia. A metodoloxía será activa e participativa, coa intención de garantir a formación práctica dos futuros docentes. Para elo, proporanse actividades para que o alumno teña que intervir de forma oral na clase e crearemos grupos, para fomentar o traballo en equipo Aproveitando a oportunidade que ofrece a plataforma dixital da Universidade, o profesorado terá unha constante comunicación cos/as alumnos/as mediante os foros e os anuncios xerais. Aqueles/as estudantes, que tras a avaliación inicial, necesiten un apoio especial do profesorado, recibirán a atención individualizada que requiran en cada caso. Así, teremos moi en conta a bagaxe formativa e profesional que teña cada alumno á hora de facilitar o proceso de ensino aprendizaxe.
Presentacións/exposicións	A atención ao alumnado garantirase por unha dobre vía: o apoio presencial na aula e as titorías on line, empregando a plataforma moodle de e-learning FAITIC da universidade e os correos electrónicos dos profesores da materia. A metodoloxía será activa e participativa, coa intención de garantir a formación práctica dos futuros docentes. Para elo, proporanse actividades para que o alumno teña que intervir de forma oral na clase e crearemos grupos, para fomentar o traballo en equipo Aproveitando a oportunidade que ofrece a plataforma dixital da Universidade, o profesorado terá unha constante comunicación cos/as alumnos/as mediante os foros e os anuncios xerais. Aqueles/as estudantes, que tras a avaliación inicial, necesiten un apoio especial do profesorado, recibirán a atención individualizada que requiran en cada caso. Así, teremos moi en conta a bagaxe formativa e profesional que teña cada alumno á hora de facilitar o proceso de ensino aprendizaxe.
Traballos tutelados	A atención ao alumnado garantirase por unha dobre vía: o apoio presencial na aula e as titorías on line, empregando a plataforma moodle de e-learning FAITIC da universidade e os correos electrónicos dos profesores da materia. A metodoloxía será activa e participativa, coa intención de garantir a formación práctica dos futuros docentes. Para elo, proporanse actividades para que o alumno teña que intervir de forma oral na clase e crearemos grupos, para fomentar o traballo en equipo Aproveitando a oportunidade que ofrece a plataforma dixital da Universidade, o profesorado terá unha constante comunicación cos/as alumnos/as mediante os foros e os anuncios xerais. Aqueles/as estudantes, que tras a avaliación inicial, necesiten un apoio especial do profesorado, recibirán a atención individualizada que requiran en cada caso. Así, teremos moi en conta a bagaxe formativa e profesional que teña cada alumno á hora de facilitar o proceso de ensino aprendizaxe.

Actividades introductorias A atención ao alumnado garantirase por unha dobre vía: o apoio presencial na aula e as titorías on line, empregando a plataforma moodle de e-learning FAITIC da universidade e os correos electrónicos dos profesores da materia. A metodoloxía será activa e participativa, coa intención de garantir a formación práctica dos futuros docentes. Para elo, propóranse actividades para que o alumno teña que intervir de forma oral na clase e crearemos grupos, para fomentar o traballo en equipo Aproveitando a oportunidade que ofrece a plataforma dixital da Universidade, o profesorado terá unha constante comunicación cos/as alumnos/as mediante os foros e os anuncios xerais. Aqueles/as estudantes, que tras a avaliación inicial, necesiten un apoio especial do profesorado, recibirán a atención individualizada que requiran en cada caso. Así, teremos moi en conta a bagaxe formativa e profesional que teña cada alumno á hora de facilitar o proceso de ensino aprendizaxe.

<b>Avaliación</b>					
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Traballos tutelados	Aplicouse o aprendido por medio de traballos en equipos, atendendo a:  Calidade e pertinencia dos contidos Redacción dos traballos. Presentación.	20	B4 B13 B16 B18	C4	D1 D2 D3
Traballos de aula	Participouse na clase amosando interese, puntualidade, realizando cuestións en clase, cooperando cos compañeiros de equipo e demostrando motivación cara a profesión docente	10	B4 B13 B14 B16 B18	C4	D1 D2 D3
Presentacións/exposicións	Leváronse a cabo exposicións orais de calidade dos traballos en equipo, atendendo a:  - Uso das TIC's. - Calidade da presentación. - Exposición de tódolos apartados do traballo. - Adaptación ao tempo dispoñible.  Será necesario obter un mínimo de 5 (sobre 10) nesta proba para poder aprobar a materia.	40	B4 B14	C8	D1 D2
Probos de tipo test	Adquiríronse os contidos teóricos. Esta proba incluírá preguntas tipo test e outras de resposta breve	30	B13 B14		

#### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

#### **CRITERIOS PARA ESTUDANTES QUE NON SUPERARON A AVALIACIÓN CONTINUA E DEBAN REALIZAR O EXAME DA 1ª CONVOCATORIA:**

Estes/as estudantes deberán presentar os traballos obrigatorios non aprobados previamente na data indicada para a realización do Exame da 1ª convocatoria desta materia. Os profesores realizarán as preguntas oportunas trala exposición dos traballos coa fin de verificar se o/a alumno/a adquiriu as competencias mínimas requiridas. Non haberá unha proba escrita senón que o "exame" consistirá na exposición dos traballos e a resposta ás preguntas formuladas polos profesores.

En caso de non superar a materia nesta primeira convocatoria, os estudantes deberán ser avaliados conforme ao establecido para os/as alumnos/as non asistentes, tal e como se especifica a continuación:

#### **CRITERIOS PARA ALUMNOS/AS NON ASISTENTES E PARA OS QUE SE PRESENTEN NA 2ª CONVOCATORIA:**

<b>Cráterios de avaliación</b>	<b>Instrumento de avaliación</b>	<b>Cráterios de cualificación</b>
<b>Adquiríronse os contidos teóricos</b> <i>Será necesario optar un mínimo de 5 (sobre 10) nesta proba para poder aprobar a materia</i>	Proba obxectiva: preguntas con resposta breve	40%

**Aplicouse o aprendido por medio de traballos individuais (mostraranse en faitic cunha semana de antelación ás datas de avaliación), atendendo a:**

Calidade e pertinencia dos contidos Redacción dos traballos. Presentación co formato adecuado	Corrección por escrito de varios traballos	30%
---	--	-----

*Será necesario optar un mínimo de 5 (sobre 10) nesta proba para poder aprobar a materia*

**Leváronse a cabo exposicións orais de calidade dos traballos, atendendo a:**

Uso das TICs. Calidade da presentación. Exposición de tódolos apartados do traballo. Adaptación ao tempo dispoñible.	Observación sistemática.	30%
---	--------------------------	-----

*Será necesario optar un mínimo de 5 (sobre 10) nesta proba para poder aprobar a materia*

---

**Bibliografía. Fontes de información**

---

**Lexislación en materia de Educación, como:**

- LEI ORGÁNICA 8/2013, de 9 de diciembre, para a mellora da calidade educativa, (LOMCE)
- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE).
- Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro de 1990, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOGSE).
- Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.
- Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.
- Orde do 12 de xuño de 2012 pola que se actualiza a oferta de ciclos formativos polo réxime ordinario, por curso completo e en modalidade presencial, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano académico 2012-2013.
- Orde do 13 de xuño de 2012 pola que se actualiza a oferta modular polo réxime de persoas adultas nas modalidades presencial, semipresencial e a distancia de ciclos formativos de formación profesional en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano académico 2012-2013.
- Orde do 13 de xullo de 2011 pola que se regulan os programas de cualificación profesional inicial na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 30 de xullo de 2012, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional inicial no curso 2012-2013.
- Orde do 28 de febreiro de 2007 pola que se regula o módulo profesional de formación en centros de traballo da formación profesional inicial, para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 5 de novembro de 2010 pola que se establece, con carácter experimental, a ordenación da formación profesional inicial polo réxime para as persoas adultas nas modalidades a distancia e semipresencial.
- Orde do 2 de decembro de 2008 pola que se regulan as probas de acceso aos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo.
- Orde do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de formación profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

**WEBS de Referencia:**

Información xeral do ensino en Galicia:

<https://www.edu.xunta.es>

FP: ámbito estatal e galego

<http://todofp.es/>  
[www.edu.xunta.es/fp](http://www.edu.xunta.es/fp)  
[www.oapee.es](http://www.oapee.es)  
[http://www.educacion.gob.es/educa/incual/ice\\_incual.html](http://www.educacion.gob.es/educa/incual/ice_incual.html)

<https://www.sepe.es/>

<http://traballo.xunta.es/>

Sindicatos do ensino:

<http://www.cig-ensino.com/>

<http://www.ccooensino.net/ensenanzagalicia/>

<http://www.feteugtgalicia.es/>

<http://www.anpegalicia.com/>

<http://www.stegsindicato.org/>

---

## **Recomendacións**

### **Materias que continúan o temario**

Formación e Orientación Laboral/V02M066V08229

---

### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Deseño Curricular e Organización de Centros Educativos/V02M066V08103

Innovación Docente e Iniciación á Investigación na Formación Profesional/V02M066V08227

Sistema Educativo e Educación en Valores/V02M066V08104

---

### **Outros comentarios**

Para poder acollerse á avaliación continua a través de actividades na aula virtual é preciso asistir ás aulas nun 80% do tempo presencial cun aproveitamento axeitado. Aquel alumnado que non conte coa citada porcentaxe de asistencia, terá que realizar as probas indicadas no apartado de avaliación en criterios para alumnos non asistentes, nas datas establecidas oficialmente para a primeira convocatoria e, se é o caso, para a segunda.

Os documentos e arquivos dos traballos e tarefas do curso serán dispostos, en tempo e forma segundo os prazos programados, por cada alumna e cada alumno no seu espazo persoal respectivo na aula virtual do curso en FAITIC, en formatos de código aberto ou de visores libres.

---